

feminismo e loita de clases



Partimos na nosa análise dunha obra básica para calquera marxista: *“A orixe da familia, a propiedade privada e o Estado”*, de Engels, que formula interesantes teses sobre a orixe do patriarcado e de cuxa lectura podemos concluir dúas ideas básicas: o capitalismo é un modo organización da produción, mentres que o patriarcado, asentado sobre a idea da propiedade privada, é un modo de organizar as relacións sociais derivadas dese modo de produción. Por tanto, un concepto nuclear vai ser o da idea de familia, como xestora desa propiedade privada, fundamentada nunha serie de pilares morais ou valores que o Estado se encarga de reproducir e transmitir para garantir a continuidade de todo o sistema.

O feminismo nunca debería nomearse en singular, posto que por esencia é plural: cada feminismo bebe dunhas raigames teórico-políticas diferentes, aspira a uns fins e emprega unhas ferramentas de análise que conlevan unhas ou outras conclusións. O obxecto desta xornada é abordar dúas polémicas importantes:

- En primeiro lugar, como interpretar a relación capitalismo-patriarcado desde unha perspectiva revolucionaria.
- En segundo lugar, como debemos entender as alianzas estratéxicas con aqueles feminismos que esquecen a cuestión de clase: é o feminismo transversal, debemos manter alianzas interclasistas tendo como nexo común a opresión de xénero?

Capitalismo-patriarcado

Cando se aborda a problemática do machismo, as marxistas debemos, en pimeiro lugar, ser especialmente críticas con aquelas posicións moralistas que atribúen a desigualdade entre homes e mulleres a comportamentos individuais, formas de pensar “antigas” ou “tradicionalis” que sosteñen a día de hoxe algúns homes, pero que poderían mudarse, desde unha perspectiva idealista, se mudasemos a concepción deses individuos concretos.

Porén, a problemática da desigualdade ten unha orixe de carácter estrutural: o patriarcado. Se partimos base, necesariamente deberemos combater as afirmacións que critican o feminismo por entender que busca desprazar o carácter principal da contradición de clase. Así, mesmo hai quen afirma que o feminismo é unha construción do sistema para dividir á clase traballadora, pois *independiza* en certa medida a loita das mulleres e sitúa no cerne do debate a idea da existencia dunha outra opresión: a opresión de xénero.

O feito de que desde algunhas organizacións da esquerda se manteñan estes posicionamentos leva a moitas mulleres a considerar o sentido de militar neses partidos e mesmo o sentido da construción dun sistema da man de quen nin sequera está disposto a recoñecer unha opresión que, por non serlle propia, non entende nin quere entender. Xa en 1913 Alexandra Kollontai viuse obrigada a explicar aos seus compañeiros de partido, no marco das críticas ao establecemento dun Día Internacional da Muller, a necesidade de introducir a loita pola emancipación das mulleres na política das organizacións da esquerda; así, Kollontai afirmou: *“As organizacións obreiras estaban abertas ás mulleres, pero só unhas poucas entraban. Por que? Porque a clase traballadora ao principio non se percatou de que a muller traballadora é o membro máis degradado, tanto legal como socialmente, da clase obreira, de que ela fora golpeada, intimidada e acosada ao longo dos séculos (...)”*.

Desde as posicións críticas coa idea de situar a liberación das mulleres no centro de todas as loitas, sostense que os dereitos acadados polas feministas burguesas que loitaron, por exemplo, polo voto das mulleres, tiñan como único sentido a división da clase traballadora. Se cadra a clase traballadora estaba menos dividida cando a muller, obreira ou burguesa, non tiña nin sequera a condición de cidadá. As concesións de dereitos no marco do Estado burgués responden a unha variedade de motivos, sexan os suxeitos beneficiarios dos mesmos as mulleres ou a totalidade das persoas; mais, o establecemento da xornada de 8 horas non se valora como un retroceso, tachándoo de estratexia para dividir á clase traballadora, malia responder aos intereses concretos do capitalismo nese momento histórico. O problema reside en que quen así pensan non lembran



que esa xornada de 8 horas foi unha conquista para os obreiros, mais non para as mulleres que maioritariamente ficaban confinadas nos seus fogares baixo o dominio dos seus maridos, pais e irmáns.

Nestas análises desde algunhas posicións de esquerda criticábase que o movemento feminista consegue así xustificar a loita “no sexo” e non na clase, de xeito que provocan que en determinadas problemáticas unha muller obreira se identifique máis cunha muller burguesa que cun compañeiro obreiro. Pero quizáis é máis sinxelo entender esta situación mediante un exemplo.

A agresión sexual ou violación, unha das manifestacións máis viles do machismo, non coñece de clases. O mesmo acontece coa violencia de xénero. Son problemáticas transversais, que sufrimos as mulleres polo mero feito de selo. E iso non nos convirte en vítimas nin en seres vulnerables, simplemente evidencia unha realidade e é que no patriarcado somos cousas, obxectos con diversos fins, un deles saciar o desexo sexual dos varóns, que poden dispoñer do noso corpo ao seu antollo. Esta idea, que se transmite de forma máis ou menos velada desde a infancia, forma parte do imaxinario de todos os homes e as mulleres. A filla de Amancio Ortega pode, coma min, ser vítima dunha violación e é precisamente isto o que provoca que a filla de Amancio Ortega e máis eu teñamos algo en común, porque o patriarcado, que tece unha rede de violencias practicamente innumerábeis, non oprime só ás mulleres obreiras: oprime a todas as mulleres.

As políticas de alianzas no feminismo

Malia todo o dito, cando estamos ante o feminismo chamado burgués, non só discordamos senón que nos planteamos se realmente é feminismo, porque, que é feminismo? Uns poucos dereitos para unhas poucas mulleres?

As marxistas sabemos que sería errar nas nosas análises non establecer relacións claras entre as raigames do patriarcado e a propiedade privada, posto que só a través da análise destas relacións podemos entender que, na estrutura social patriarcal, o home xoga o papel de opresor e a muller de suxeito oprimido. É dicir, non é relevante, a efectos de entendemento do problema no seu conxunto, a concienciación individual de moitos compañeiros que, efectivamente, son quen de revisar criticamente os seus privilexios, na procura de modos de vida e relacionamento que lles permitan mudar a posición que o patriarcado lles ten reservada. Pero esa concienciación individual, necesaria, non nos pode facer esquecer que mentres exista o patriarcado haberá machismo. Esta reflexión xa nos leva ao seguinte estadio do debate: que acontece co chamado “feminismo burgués”? Que acontece cos feminismos que combaten a desigualdade no concreto, sen abordar a problemática estrutural? Son feminismos, non o son?

En primeiro lugar, que é feminismo e que non o é non nos corresponde a nós, nin realmente a ninguén, determinalo. Agora ben, politicamente debemos ser críticas e analizar a utilidade práctica de determinadas perspectivas na loita. Así, a ninguén lle é indiferente a organización “FEMEN”, que é apoiada e criticada desde o feminismo. Para algunhas, contribúen a xerar debate social sobre o papel da muller; para outras, inciden nos cánones estéticos patriarcais, teñen un funcionamento opaco ou mesmo, desde unha análise máis profunda, xogan o papel de aliadas ou “caras amables” do imperialismo en conflitos rexionais en lugares como Rusia ou a Ucraína.

Do mesmo xeito, no debate sobre o papel do feminismo e a necesidade ou non de articular alianzas interclasistas, xera moitas controversias. Facendo referencia de novo a Alexandra Kollontai, xa hai máis de un século afirmaba que *“a feministas burguesas están loitando para acadar dereitos políticos: tamén aquí os nosos camiños se separan; para as mulleres burguesas, os dereitos políticos son simplemente un medio para conseguir os seus obxectivos máis cómodamente e de forma máis segura neste mundo baseado na explotación dos traballadores. (...) Cal é o obxectivo das feministas burguesas? Acadar as mesmas vantaxes, o mesmo poder, os mesmos dereitos na sociedade capitalista que posúen agora os seus maridos, pais e irmáns. Cal é o obxectivo das obreiras socialistas? Abolir todo tipo de privilexios que deriven do nacemento ou da riqueza. Á muller obreira élle indiferente se o seu patrón é home ou muller”*.

Porque sabemos que cando nos arrebatan o dereito a abortar ese recorte brutal á nosa autonomía afecta a todas as mulleres, aínda que algunhas poidan pagar unha clínica privada ou unha viaxe ao estranxeiro. Poden facelo, pero o feito de que teñan que facelo para poder decidir sobre os seus corpos implica unha violencia patriarcal e por tanto, no seu combate elas tamén estarán presentes. Porén, nós non estaremos presentes naquelas reivindicacións que avogan porque haxa máis mulleres empresarias, porque para nós o



feminismo non é unha mera consecución dunha listaxe máis ou menos ampla de dereitos que nos equiparen ao modelo home, senón que é algo que trascende todo iso, que revira as nosas vidas e nos quere a todas libres. E iso nunca será posible mentres existan empresarias, mentres exista quen se apodera da nosa forza de traballo no seu beneficio.

E que acontece coas alianzas? Sería un erro que tentáramos analizar as necesarias alianzas tácticas no feminismo coas que se dan noutros ámbitos, porque na loita contra o patriarcado, precisamente pola súa profunda inserción en todos os recunchos das nosas vidas (de todas) temos que repensar todo o que até o momento considerábase inmutábel.

Desde unha análise marxista pódese facilmente comprender que existe unha opresión diferente (malia que relacionada) á de clase, a opresión de xénero, transversal, recoñecendo as orixes e interrelacións de ambas e asumindo que a loita pola emancipación social só ten sentido desde unha perspectiva feminista. Pero, do mesmo xeito que afirmamos sen ningunha dúbida que non haberá un mundo xusto mentres exista o patriarcado, tamén dicimos convencidas que o feminismo sen un horizonte estratéxico de transformación radical do sistema de produción capitalista, arrastra eivas dificilmente superables. Isto é, do mesmo xeito que carece de sentido a actividade sindical non encadrada nun proxecto político estratéxico que avogue pola construción dun outro sistema onde impere a xustiza social, dentro deste sistema nunca conseguiremos que todas as mulleres sexan (sexamos) realmente libres. Non nos vale conseguir algúns dereitos para algunhas mulleres. Queremos, como dicía unha coñecida campaña feminista, *todos os dereitos, todas as mulleres, todos os días*.

Por iso somos moi críticas coas visións do feminismo que non cuestionan o sistema capitalista, que simplemente procuran pequenas melloras que, en última instancia, exercen o papel de parches, e que non deixan de ser concesións que, cando non resultan útiles, son eliminadas. Estas visións, apadriñadas moitas veces nas chamadas “campañas pola igualdade”, pecan no esencial: non van á raíz do problema. Moitas recoñecen a existencia do patriarcado como estrutura de dominación, pero non tantas coinciden en que só coa superación do capitalismo teremos as portas abertas para construír un sistema sen machismo, porque para moitas realizar esta afirmación supón renunciar aos seus privilexios de clase, e non están dispostas. Por tanto, centran o seu discurso nun “máis dereitos políticos”, “máis postos de poder”, “máis mulleres empresarias”, etc.

Nós non queremos máis mulleres empresarias, porque non queremos empresarios, porque queremos construír un sistema alternativo onde o poder resida nas clases populares, un sistema radicalmente transformador onde todas sexamos respectadas: ese sistema é o socialismo, e por iso traballamos e nos organizamos, como feministas, con ese horizonte estratéxico.

E aínda máis, porque nós, mulleres da Galiza, da periferia do centro do sistema, dunha nación colonizada, non loitamos por un sistema que só nos pense a nós. Facemos nosas as reivindicacións das compañeiras do mundo enteiro e as súas loitas feministas, tan diferentes, son tamén as nosas loitas. Un feminismo centrado na muller branca, universitaria e do chamado “primeiro mundo” non nos representa, porque ou somos todas libres, ou non é o noso sistema.

Nos anos 80 expandiuse un interesante debate, o do chamado “traballo doméstico”, que enfrontou dúas visións moi diferentes do feminismo, o feminismo “liberal” e o feminismo cunha perspectiva de clase. As primeiras defendían o seu dereito a contratar a unha persoa que realizara as tarefas domésticas, co obxecto de verse liberadas desa carga de traballo e poder voltar (ou directamente acceder) ao mercado laboral e ao ámbito do público. Pero, onde está a perspectiva feminista? Mulleres como Beatriz Gimeno formulan abertamente que a solución a este “complicado” problema que plantean as feministas liberais reside en que os compañeiros, os homes, e os demais membros da familia, repartan equitativamente as tarefas do fogar, de xeito que nin se cargue á muller coa “dupla xornada”, nin se perpetúe a división sexual do traballo, atribuíndo ás mulleres de clase traballadora o papel de asistentas as mulleres da burguesía ou da mal chamada “clase media”. Desde unha perspectiva que vincule clase e cuestión de xénero, son insostíbeis os argumentos das feministas liberais, porque directamente non son argumentos feministas: non queremos que outra muller faga as tarefas domésticas, queremos desvincular as tarefas domésticas do xénero feminino, do rol de muller. E non nos serve o argumento de que as tarefas domésticas simplemente deberían ser revalorizadas: se se revalorizaran, as mulleres feministas liberais que o defenden e a maioría das que contratan estes servizos non poderían empregarlos, porque non os poderían pagar; se as poden pagar é porque as someten a unha brutal



explotación económica: para que elas poidan ser boas empresarias, tan boas empresarias coma calquera home, unha muller de clase traballadora ten que vivir en condicións de absoluta explotación.

Por tanto, as feministas liberais, o chamado feminismo burgués finalmente nesta cuestión, a modo de exemplo, esquece que a relación entre xénero-clase é fundamental en moitos aspectos, e que **a nosa aposta en determinados contextos pola política de alianzas non nos fai nunca esquecer quen somos nin o que defendemos.**

Se concluímos que opresión de xénero existe, e é distinta á de clase, concluiremos tamén que os métodos tácticos para combatelas merecen, polo menos, análises propias e separadas.

Xa que logo, as feministas historicamente adicaron moitas horas de debate até chegar á conclusión da necesidade da autoorganización das mulleres en espazos alleos aos partidos clásicos, ás veces espazos unicamente de mulleres, outras en espazos mixtos, mais nos que o eixo do debate e a discusión política fora sempre as problemáticas derivadas da opresión de xénero. E, moitos destes espazos, teñen un carácter interclasista. No contexto actual estas organizacións ou plataformas son absolutamente necesarias. Malia que poida parecer que se desgastan esforzos en achegar posturas con mulleres coas que inicialmente non se comparte practicamente ningunha visión (mesmo, moitas veces, nin sequera a orixe e consecuencias da opresión de xénero), o certo é que a loita diaria demostra que a estrutura partidaria non é abondo para dar saída ás problemáticas de xénero.

Non compartiremos organización ou partido político con Leyre Pajín, mais cando desde a suposta esquerda se lle ataca, malia que “sarcásticamente” con “amezas” de carácter sexual (“*saber de mí como el que organizó el bukkake sobre Leyre Pajín*”, letra dunha canción de *Los Chikos del Maíz*) eses homes de esquerdas están exercendo o seu papel de opresores. Moitos compañeiros non comprenderán que algunhas feministas queiramos compartir espazos con Leyre Pajín, e eses espazos tampouco son excesivamente cómodos para nós, pero si ás veces necesarios, porque Zapatero non ten rimas en que se entenda que debe ser castigado pola súa xestión política mediante un acto sexual degradante. Porque directamente no imaxinario do home, tamén de esquerdas, están os valores transmitidos xeración tras xeración para perpetuar a dominación patriarcal, para manter a estrutura social machista, a opresión de xénero, que afecta ás mulleres obreiras e ás mulleres burguesas; cando se di que non afecta do mesmo modo é certo, porque á opresión de xénero que sofre (sofremos) toda muller polo feito de selo, polo feito de ser identificada socialmente dese modo no momento do seu nacemento, súmase a opresión de clase, a apropiación da súa forza de traballo, e nesta segunda dicotomía a muller burguesa non é oprimida, senón opresora, o que non elimina a opresión que sofre como muller.

“Cortarlle as barbas a Marx (e o pene)”

Hai algúns días publicouse na web de “feministas ácidas” un [artigo](#) cunha reflexión crítica sobre a necesidade ou non de incardinar o feminismo noutras loitas políticas. Así, a autora entendía que “pór apelidos” ao seu feminismo, mesmo cando ese apelido é “socialista” na práctica supuña “*supeditar a nosa loita á do resto das reivindicacións*”. A autora rexeita a Marx e a doutrina socialista afirmando que calquera teoría que non nomee nin recoñeza as violencias sustentadas sobre as mulleres non pode ser revolucionaria. Pero esta argumentación merece unha primeira crítica: se aplicamos ás nosas análises un método materialista, como marxistas, debemos ter en conta o contexto, a situación concreta e as condicións en que realizamos as nosas análises, e fuxiremos de considerar os textos de Marx ou de Engels dogmas de fe inmutables. O marxismo non é só o lente co que observamos a realidade, tamén é o martelo co que a construímos e moldeamos.

Partimos da convicción común de que a revolución será feminista ou non será revolución. Pero iso non pode levarnos ao equívoco de pensar que o feminismo por si só nos fará libres. Sen feminismo nunca acadaremos a sociedade que soñamos, mais se no noso feminismo todas gozamos dunha vida digna e en igualdade, onde poidamos desenvolvernos na plenitude da nosa persoa, necesariamente debemos trascender o modo de produción capitalista, e construír un novo sistema, para nós, o socialismo.

É un erro pensar que a clase é unha intersección máis na rede de violencias que nos oprimen. Tampouco podemos caer no erro de fixar o “pódium” das contradicións, argumento moi empregado desde o españolismo de esquerdas para descartar as loitas soberanistas das nacións oprimidas por entender que non responden á contradición principal, de clase. Isto, ademais de ser un erro, leva a debates moitas veces



bizantinos sobre as prioridades na loita. E, no campo de feminismo, isto exacerbase posto que a loita contra o patriarcado é aínda máis difícil de socializar entre os compañeiros de organización e partido, aínda que for polo feito de que supón recoñecerse nunha posición de privilexio, cuestión que moitos non están dispostos a facer. Isto leva a que moitas mulleres, cansas de soportar as mesmas actitudes machistas no seo dos partidos da esquerda que se supón apostan e defenden un mundo baseado na xustiza social, rematan descontentas, frustradas e descartando directamente vincular o feminismo con calquera outra loita, para evitar así a súa supeditación á primeira.

A contradicción de clase existe e é unha contradicción principal, pero non o é menos a opresión de xénero. Quen afirma o contrario non analiza en profundidade as diversas violencias que baten contra nós, as mulleres, en todo o planeta, polo mero feito de ser muller. Algunhas desas violencias teñen unha innegable conexión coa clase social á que se pertence, como é a violencia económica. Outras, vense matizadas se posúes os recursos materiais abondo, como é a violencia obstétrica (as ricas paren como queren, as obreiras paren como poden); porén, que poidan verse matizadas non quere dicir que non existan nin que se dirixan exclusivamente contra as mulleres de clase obreira.

Por tanto, se todas podemos ser vítimas dunha agresión sexual (aínda que as mulleres burguesas vivan en bairros acomodados onde as medidas de seguridade son maiores, igualmente poden ser obxecto dese tipo de agresión polo mero feito de seren mulleres), se todas sufrimos violencia estética a través dos cánones de beleza, se todas podemos ser vítimas de violencia de xénero en sentido estricto (maltrato na parella)... Debemos concluir que a opresión de xénero existe, se non con independencia, si separadamente da cuestión de clase.

Entón, que queremos as feministas revolucionarias?

A consecución do poder político pola clase obreira non implica “per se” a desaparición do patriarcado, pero só no socialismo contaremos coas condicións materiais idóneas para acadar a súa efectiva superación. Carece de sentido afirmar que coa superación do modo de produción capitalista, e por ende co fin da propiedade privada, rematará o patriarcado. As raigames da estrutura patriarcal están claras, mais ao longo dos séculos o pensamento machista foi interiorizado e asentado conformando un substrato social e cultural fortemente arraigado, polo que o seu combate hoxe non é tarefa doada. É absurdo pensar que o cambio de sistema, nunha sorte de fenómeno máxico, producirá automaticamente un cambio no que non é unha ideoloxía senón unha estrutura social; pensar iso implicaría non comprender o feminismo, pois levaría á conclusión de que a loita feminista é unha mera consecución dunha lista de dereitos e prerrogativas, cando é outra cousa máis profunda e complexa, que necesariamente implica un cambio de valores, de formas de vivir, de xeitos de entender a realidade, de relacionármonos...

En definitiva, procuramos unha mudanza radical das nosas vidas. E esa mudanza non virá dada automaticamente pola superación do capitalismo; mais, tamén é certo, para destruír o patriarcado precisamos rematar co modo de produción capitalista, abolir a propiedade privada, finalizando así, cando menos, coa orixe da desigualdade.

